



Patricia Gómez Salgado é doutora en Psicoloxía (2015) e profesora da Área de Metodoloxía das Ciencias do Comportamneto na USC. É tamén Máster en Xestión e Dirección de Centros de Servizos Sociais (2014), Máster en Saúde Pública (2016) e especializada en Educación Emocional (2018). Dende 2012 forma parte do grupo de traballo da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde desenvolveu a súa tese titulada “O uso problemático de Internet e as Novas Tecnoloxías entre os adolescentes galegos”. Ten participado en máis dunha quincena de proxectos, é autora de máis de 30 artigos científicos en revistas de prestixio internacional, e ten desempeñado labores de docencia

universitaria na USC, na Universidade Internacional de Valencia e na Universidade de Vigo sobre educación emocional, prevención de condutas adictivas, sexualidade e xénero. Conta con experiencia asistencial como psicóloga da Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Saúde Mental FEAFES Galicia, 2017-2021), e como colaboradora da Fundación INGADA, dende 2016. Foi xestora de investigación na Unidade de Asesoramento Científico-técnico da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (avalía-t, ACIS). Imparte obradoiros a profesionais do eido educativo e da saúde, a familias e a adolescentes. Neste marco, ten sido relatora en cursos e seminarios auspiciados polo CAFI e os distintos CFR, a ACIS, UNAD, Fundación FAD Juventud, e outras entidades do terceiro sector, concellos e deputacións, así como no programa de Formación Continuada a Distancia (FOCAD) do *Consejo General de la Psicología de España* e no *Colexio Oficial de Psicología de Galicia* (COPG).